

## Informe – proposta

Unha vez adxudicada a realización da tradicional cabalgata de Reis Magos 2020 e dentro das actuacións complementarias que iso implica, é necesario establecer o mecanismo que permita a participación dos propios nenos na mesma.

Esta participación axustarase, en todo caso, ao principio de igualdade, sendo os criterios que determinen a participación na mesma a orde de recepción e a hora de presentación das distintas solicitudes.

Outros criterios son:

- Inscripción máxima de 70 nenos que se distribuirán en todas as carrozas.
- O arco de idade admitidos na participación será de 6 anos en diante ata 12 cumpridos.
- A solicitude implica a autorización á entidade encargada da realización do evento se poña en contacto cos pais ou tutores para indicarlles a carroza , a caracterización que dedeberán levar na mesma e o horario.

A presentación de solicitudes será o día **27 de decembro** a partir das 10 da mañá tanto no Rexistro xeral como pola páxina web do Concello [www.ferrol.gal](http://www.ferrol.gal).

Por todo isto, proponse o seguinte:

*Primeiro.*- Apertura de presentación de inscrición antes referido

*Segundo.*- Aprobación dos criterios que rexerán na participación e anteriormente reseñados.

*Terceiro.*- Aprobación modelo de instancia-inscrición que se acompaña como anexo desta resolución.

Ferrol, data da sinatura electrónica

O xefe de servizo de Cultura, Educación,  
Deportes e Turismo,

**Decreto.** Logo de ver a anterior proposta, apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina o concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, e Festas, por delegación da alcaldía de data 08 de xullo de 2019 (BOP 22/07/2019) en Ferrol

O concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación, Universidade,  
Deportes e Festas,

Antonio Golpe Díaz

O secretario xeral,